

**IES CAMPO SAN ALBERTO**

**Programación ESA I e II**

**Ámbito de Comunicación**

**Departamento de**

**Lingua galega e literatura**

**2023-2024**

<u>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</u>	<u>4</u>
<u>1.1. REALIDADE LINGÜÍSTICA DA CONTORNA ESCOLAR.....</u>	<u>4</u>
<u>2. ASPECTOS COMÚNS AO ÁMBITO.....</u>	<u>4</u>
<u>2.1. MATERIAIS DIDÁCTICOS E RECURSOS.....</u>	<u>4</u>
<u>2.2. TEMPORALIZACIÓN .....</u>	<u>5</u>
<u>2.3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</u>	<u>6</u>
<u>2.4. PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL E ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS.....</u>	<u>7</u>
<u>2.5. OBXECTIVOS XERAIS PARA O ENSINO DE PERSOAS ADULTAS.....</u>	<u>8</u>
<u>2.6. OBXECTIVOS DO ÁMBITO DA COMUNICACIÓN.....</u>	<u>9</u>
<u>2.7. COMPETENCIAS BÁSICAS.....</u>	<u>10</u>
<u>2.8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....</u>	<u>11</u>
<u>2.9. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....</u>	<u>12</u>
<u>2.10. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN .....</u>	<u>13</u>
<u>2.11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS DIVERSOS PLANS DO CENTRO.....</u>	<u>14</u>
<u>2.12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</u>	<u>14</u>
<u>3. MÓDULO 1.....</u>	<u>14</u>
<u>3.1. OBXECTIVOS .....</u>	<u>14</u>
<u>3.2. CONTIDOS.....</u>	<u>15</u>
<u>3.3. TEMPORALIZACIÓN.....</u>	<u>16</u>
<u>3.4. CONTIDOS MÍNIMOS .....</u>	<u>16</u>
<u>3.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS.....</u>	<u>17</u>
<u>4. MÓDULO 2.....</u>	<u>18</u>
<u>4.1. OBXECTIVOS .....</u>	<u>18</u>
<u>4.2. CONTIDOS.....</u>	<u>18</u>

---

<u>4.3. TEMPORALIZACIÓN.....</u>	<u>19</u>
<u>4.4. CONTIDOS MÍNIMOS.....</u>	<u>20</u>
<u>4.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS.....</u>	<u>20</u>
<u>5. MÓDULO 3 .....</u>	<u>21</u>
<u>5.1. OBXECTIVOS.....</u>	<u>21</u>
<u>5.2. CONTIDOS.....</u>	<u>22</u>
<u>5.3. TEMPORALIZACIÓN.....</u>	<u>23</u>
<u>5.4. CONTIDOS MÍNIMOS.....</u>	<u>23</u>
<u>5.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS.....</u>	<u>24</u>
<u>6. MÓDULO 4.....</u>	<u>26</u>
<u>6.1. OBXECTIVOS.....</u>	<u>27</u>
<u>6.2. CONTIDOS.....</u>	<u>27</u>
<u>6.3. TEMPORALIZACIÓN.....</u>	<u>28</u>
<u>6.4. CONTIDOS MÍNIMOS .....</u>	<u>28</u>
<u>6.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS.....</u>	<u>29</u>
<u>7. CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DA ETAPA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE .....</u>	<u>32</u>

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1. REALIDADE LINGÜÍSTICA DA CONTORNA ESCOLAR

Este centro matricula alumnado de distinta procedencia xeográfica. Por un lado proceden do entorno urbano de Noia, e por outro os/as veñen de concellos limítrofes como Outes, Lousame, e Porto do Son, aínda que algúns chegan a vir de Esteiro ou Muros

A realidade lingüística, nesta contorna, é aínda diglósica. Cómpre, porén, destacar que moito alumnado é monolingüe e que o uso oral da lingua galega é o normal e o cotián.

Nestas circunstancias entendemos que se debe facer fincapé no uso do galego a nivel culto e académico, de xeito que non siga sendo só o galego a lingua da familia, da aldea, da conversa cos amigos... que sexa tamén a lingua de todas as actividades da aula, a lingua habitual para dirixirse aos profesores, P.A.S. e en xeral, a lingua de uso cotián en calquera situación da vida.

O profesorado deste departamento, desde a súa docencia e participando nas actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega traballará por conseguir un uso normal da nosa lingua dende o marco do Proxecto Lingüístico do centro.

O Ámbito de Comunicación Módulos 1,2,3 e 4 é impartido pola profesora Mercedes Rivas, xefa de departamento con horario de atención a alumnado e familias os VENRES ás 17:45

## 2. ASPECTOS COMÚNS AO ÁMBITO

### 2.1. MATERIAIS DIDÁCTICOS E RECURSOS

Non haberá **libros de texto** senón que traballaremos con fichas elaboradas a partir do material da páxina da Consellería que se pode consultar no seguinte enlace:

[Unidades didácticas de Educación Secundaria para persoas adultas](#)

Temos ademais un curso para cada módulo na Aula Virtual do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescamposanalberto/aulavirtual/enrol/index.php?id=852>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescamposanalberto/aulavirtual/enrol/index.php?id=98>

O manexo das **novas tecnoloxías** debe ter un lugar destacado tanto nos seus aspectos didácticos coma na procura de información e no proceso de elaboración de textos por parte do alumnado. O material relacionado coas TIC do que dispomos no centro é o seguinte:

1. Aulas de informática con equipos conectados a internet que se pode reservar para impartir as clases nela.
2. Equipos informáticos equipados cun canón proxector na maioría das aulas que pode utilizar o profesorado que o precise.
3. Encerados dixitais.
4. Servizo de préstamo de ordenadores portátiles e tabletas

Acordouse poñer un **libro de lectura** con carácter obrigatorio en cada módulo. Con finalidade de sacar o máximo rendemento a estes, serán usados como procedementos para acadar os obxectivos correspondentes aos desenvolvementos curriculares: tanto para afondar nos aspectos léxico – semánticos, como nos gramaticais, textuais, etc. Serán escollidos individualmente de entre os fondos da biblioteca do centro, e o alumnado terá que elaborar un traballo individual a partir deles.

## 2.2. TEMPORALIZACIÓN

A distribución temporal dos contidos faraa a profesora dependendo dos resultados das probas iniciais e adecuándose ás características de cada grupo.

Na ESA I impártense 8 horas de docencia semanais ( 3 para Lingua Galega, 3 para Lingua Castelá e 2 para Inglés) e na ESA II impártense 7 ( das cales 3 son para Linguas Galega, 3 corresponden a Lingua Castelá e 2 a Inglés)

As datas das Avaliacións serán as seguintes

16/11/23	1ª Av	Mod 1/3
01/02/24	Av Final	Mod 1/3
11/04/24	1ª Av	Mod 2/4
22-23-24/ 04/24	Probas extraordinarias	Mod 1/3
25/04/24	Av. extraordinaria	
06/06/24	Av Final	Mod 2/4
19-20-21 /06/24	Probas extraordinarias	Mod 2/4
24/06/24	Av. extraordinaria	

## **2. 3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.

- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Reforzos de carácter xeral propios da materia:

Lecturas significativas de fragmentos da obra de autores clásicos e actuais da nosa literatura e en especial de obras de literatura xuvenil, así como de textos breves ou cancións en lingua inglesa. A mellora na eficacia lectora será o eixo fundamental destas actividades.

Elaboración de textos propios para exercitar o traballo de redacción e posterior corrección de posibles erros.

Exercicios complementarios de gramática. Son exercicios, na súa maioría relacionados coa morfoloxía, que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e axudan a reforzar os coñecementos xa adquiridos en cursos anteriores.

Exercicios de acentuación, léxico e semántica. Busca de palabras no dicionario.

## **2.4. PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL E ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS**

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. *(Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).*
- Saber as medidas organizativas a adoptar. *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).*

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## **2.5. OBXECTIVOS XERAIS PARA O ENSINO DE PERSOAS ADULTAS**

O currículo para as persoas adultas busca como finalidade a adquisición de procedementos, destrezas, técnicas e actitudes que permitan perfeccionar a comunicación co mundo circundante e que posibiliten o desenvolvemento autónomo da capacidade de expresión, de comprensión e de autoaprendizaxe, así como manter unha participación crítica, tolerante e respectuosa.

Os obxectivos fíxanse na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade autónoma de Galicia e que foi actualizado en setembro de 2017.

O Real decreto 1631/2006, que determina as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria establece, seguindo as propostas da Unión Europea, que as ensinanzas ordenadas nel deben orientarse ao logro das competencias básicas, imprescindibles para a realización persoal, para exercer a cidadanía activa, para incorporarse á vida social e laboral dun xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Consonte a isto, no currículo intégranse ao redor dos tres eixes vertebradores os coñecementos, as habilidades e os valores que unha persoa adulta debe posuír e desenvolver para integrarse na sociedade. Un dos tres ámbitos é o de comunicación, toma como referente os aspectos básicos do currículo relativos ás materias de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e a primeira lingua estranxeira; os outros dous son o científico-tecnolóxico e sociedade.

O ámbito da comunicación participa no desenvolvemento de todas as competencias básicas do currículo da ESA, porque a adquisición de destrezas comunicativas permitiralle ao alumnado o uso pleno das linguas nun amplo abano de contextos. Está,

---

ademais, intimamente relacionado coa competencia no tratamento da información información dixital nunha dobre vertente: por unha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas en soporte dixital: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións, etc; doutra banda, axúdanos a ordenar, sistematizar, xerarquizar, analizar criticamente esintetizar toda a información dispoñible para nós nestes medios.

## **2.6. OBXECTIVOS DO ÁMBITO DA COMUNICACIÓN**

1. Coñecer, respectar e valorar a realidade plurilingüe e cultural do estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representan as linguas do Estado e as súas variedades lingüísticas e entender as situacións que provocan o contacto de linguas.
2. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que condicionan o seu uso actualmente.
3. Comprender discursos orais e escritos na lingua galega nos diversos contextos da actividade sociocultural, persoal e académica; interpretalos cunha actitude crítica, aplicando a súa comprensión a novas situacións de aprendizaxe.
4. Desenvolver, na lingua galega a capacidade de construír un discurso oral e escrito, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, de acordo coas diferentes situacións comunicativas, integrando os recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos.
5. Adquirir conceptos lingüísticos xerais, reflexionar sobre os elementos formais e mecanismos das linguas nos planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.
6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre as linguas e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos, para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
7. Adquirir as habilidades, actitudes e coñecementos necesarios que favorezan utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, valorar, seleccionar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información relacionada coa vida cotiá, académica e laboral.
8. Coñecer e empregar as normas que rexen o intercambio social das linguas e daquelas normas socioculturais que regulan a comunicación nos diferentes contextos, evitando estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas e sexistas.

9. Desenvolver os coñecementos, hábitos, habilidades e actitudes que fan posible a lectura de textos literarios, en galego, como fonte de pracer, de enriquecemento, de coñecemento do mundo e do patrimonio cultural.

10. Adquirir as habilidades, as actitudes e os coñecementos necesarios para unha interpretación crítica das mensaxes dos medios de comunicación de masas e da publicidade, especialmente das que teñen relación coa vida cotiá e laboral.

## 2.7. COMPETENCIAS BÁSICAS

Dos tres ámbitos de coñecemento en que se organiza a ESA, a nosa materia, xunto coa de Lingua Castelá e a de Lingua Estranxeira, constitúe o denominado Ámbito da Comunicación, que inclúe os coñecementos, detrezas e valores que permiten comunicarse nas tres linguas.

Con este punto de partida, o noso ámbito oriéntase a desenvolver as competencias comunicativas dos/as adultos/as e ao desenvolvemento das súas capacidades intelectivas e afectivas para a súa inserción activa e responsable na sociedade e para o seu desenvolvemento persoal. Dentro deste ámbito, preséntase un estudo coordinado das dúas linguas oficiais de Galicia para conseguir competencia plena en ambas; acompañadas no ámbito da 1ª lingua estranxeira conseguírase asemade unha competencia plurilingüe e pluricultural.

A competencia plurilingüe é un aspecto esencial para a protección e desenvolvemento da nosa herdanza lingüística e cultural e fonte de enriquecemento mutuo. As competencias lingüística e cultural de cada lingua quedan reforzadas mediante o coñecemento mutuo e contribúen á interculturalidade.

Este ámbito garda relación con outras competencias básicas, claves da educación secundaria:

**Comunicación Lingüística (CCL):** a aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garante o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e contexto comunicativos.

**Competencias sociais e cívicas (CSC):** facilítase traballando con diferentes tipos de textos e situacións comunicativas, a aproximación crítica á realidade, o coñecemento e exercicio dos valores democráticos. Prepárase ao alumnado a respectar saberes e referencias culturais, a que elabore respostas ante problemas sociais, sexa quen de tomar decisións e resolver conflitos, mellora as normas de convivencia e favorece a promoción e integración social das persoas adultas.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a linguaxe é a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e a ferramenta para desenvolver o razoamento lóxico matemático e mais o pensamento científico.

---

**Competencia dixital (CD):**a formación neste ámbito facilita coñecementos sobre a linguaxe dixital básica, confire a destreza necesaria para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de todo de recursos informáticas. Ademáis, permite seleccionar, analizar criticamente, organizar e sintetizar esa información.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC):** supón a capacidade de crear, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico manifestacións culturais e artísticas, así como permite valoralas como parte do patrimonio dos pobos. Permite, así mesmo, o desenvolvemento de actitudes positivas ante a diversidade cultural.

**Competencia para aprender a aprender (CAA):** o ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe porque a linguaxe é un instrumento necesario para pensar e, xa que logo, para analizar, planificar e reaxustar o proceso mesmo da aprendizaxe. Amais, potencia a adquisición de técnicas básicas no proceso: a síntese, a elaboración de esquemas e mapas conceptuais, o uso de dicionarios etc.

**Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):**permite adquirir as competencias lingüístico-comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma innovadora, resolutiva e con criterio propio. Aprender a usar as linguas equivale a saber utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma.

## 2.8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Tentaremos que as clases teñan un tratamento eminentemente práctico, pero apoiándonos sempre en breves explicacións teóricas e ofrecendo exemplos que poidan resultar ilustrativos do tema que esteamos tratando.

**A exposición teórica da profesora terá un correlato escrito nos apuntamentos que estarán aloxados na Aula Virtual, eixo vertebrador da actividade deste curso.** Utilizarase as unidades didácticas elaboradas pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que están dispoñibles no portal de edu.xunta.es.

**Os exercicios serán a práctica máis habitual para traballar na clase, xa que consideramos que é a mellor forma de que adquiren as destrezas básicas na materia.**

O protagonismo da clase recaerá no alumnado, para que se impliquen no proceso de aprendizaxe e ao mesmo tempo crear unha dinámica de participación baseada no uso responsable da quenda de palabra e no esforzo persoal, que favoreza a interacción entre eles e que lles permita realizarse.

Hai que ter en conta de maneira moi especial a heteroxeneidade do colectivo das persoas adultas, porque podemos atopar na aula moi diferentes niveis académicos e de actitude cara á materia de estudo. Poñeremos en práctica unha metodoloxía que nos permita atender á diversidade do alumnado e tratar individualmente a cada un

deles para lles axudar a corrixir ou reconducir as súas deficiencias nas destrezas comunicativas básicas.

Consideramos fundamental a capacitación do alumnado na competencia dixital, xa que deben de aprender a seleccionar, xerarquizar e sintetizar a enorme cantidade de información que poden atopar en internet. Para isto traballaremos, dependendo da dispoñibilidade e o currículo, na aula de informática para que elaboren pequenos traballos de investigación cultural ou sobre aspectos da sociedade actual, artigos de opinión, recensión sobre artigos xornalísticos en soporte dixital ou en papel, textos de creación,...

No módulo I pode ser interesante o uso de exercicios de lectura e creación, para traballar a expresión e determinados contidos da materia. Neste bloque teñen ampla presenza os contidos de Sociolingüística e cuestións relacionadas cos prexuízos lingüísticos e gramática básica en Lingua Inglesa.

No módulo II, a lectura e comentario de texto será unha práctica esencial. Tamén recorreremos a exercicios de obradoiro literario como método para traballar a expresividade do alumno e fixar algunhas das claves e recursos estilísticos estudados, avanzando na oralidade e a escrita en Inglés.

Os módulos 3 e 4 presentan vocabulario máis específico e contextos situacionais na lingua estranxeira e céntranse na literatura tanto en lingua castelá como galega.

## **2.9. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

O Departamento de Lingua Galega establece un sistema de avaliación continua, pois cuestións prácticas de gramática, ortofonía e expresión, estudadas de forma paralela aos contidos específicos deste módulo, necesariamente han de desenvolverse de forma cíclica ao longo de todo o curso; e polo tanto serán

avaliadas ao longo das distintas probas. Ademais, con este sistema todos os contidos son susceptible de ser revisados e avaliados nas probas sucesivas que se realicen.

Os instrumentos de que nos valemos para avaliar o grao de coñecementos e competencias adquiridas polos alumnos son os seguintes:

a) Unha avaliación inicial, no caso de ser necesaria para determinar o punto de partida dos alumnos e adecuar o noso ensino aos seus coñecementos previos.

b) Probas escritas:

- Exercicios, traballos recollidos na clase e probas periódicas baixo a forma de controis para comprobar os progresos dos alumnos nunha determinada altura do cuadrimestre, e avaliar a súa competencia e evolución na materia ao final do curso.

c) Exposicións orais e participación nas actividades de clase: lecturas...

d) Observación diaria na clase.

Dadas as particulares circunstancias do alumnado da ESA, hai que considerar o caso de perda da avaliación continua, xa que moitos alumnos non poden asistir con regularidade ás clases por xurdirlles ofertas de traballo ou por outras circunstancias.

## 2.10. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- **Probas escritas:** 80% da nota final.

Todas elas terán o mesmo valor. A evolución do alumno medirase a través do seguimento das probas periódicas realizadas ao longo do curso de tal xeito que se supera a 1ª avaliación non terá que repetir ese contido na 2ª.

- **Procedementos:**

a) traballos de lectura do libro, redaccións, presentacións dixitais orais, etc 10%

b) traballo de aula 10%

**A corrección ortográfica** terase moi en conta. O alumnado que incorra en erros neste aspecto verá reducida a nota dos distintos traballos e probas conforme este baremo: Ata 0,05 ata un máximo de 1 punto.

Realizarase un **exame de recuperación** inmediatamente antes da avaliación final do módulo, non haberá recuperación na 1ª avaliación pois en caso de suspendela o alumno/a deberá examinarse dos seus contidos tamén na 2ª.

Para a **proba extraordinaria** non se ten en conta a avaliación continua, polo que non se valorará o rendemento do alumno durante o curso. Avaliarase, polo tanto, a súa competencia na materia conforme aos resultados acadados na realización do exame sobre 10.

---

No que toca á **corrección ortográfica** na produción dos propios de textos ou na execución do exame seguiranse os mesmos criterios establecidos arriba para a avaliación continua.

**\* A nota do Ámbito resultará da media das notas de cada unha das materias que o conforman.**

## **2.11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS DIVERSOS PLANS DO CENTRO**

Os contidos curriculares desta materia complementaranse cun conxunto de contidos educativos que estarán presentes na aula de forma permanente co obxectivo de xerar reflexión, debate e formación: educación para a paz, educación para a saúde, educación para o medio ambiente, respecto á diferenza, igualdade de oportunidades, etc, todos eles dentro das Dinamizacións do Centro. Estes contidos introducíranse de forma continuada ao longo do curso, se ben, hai unidades didácticas que por afinidades temáticas se prestan a traballar determinados contidos, polo que se aproveitará esta coxuntura para levarlos á práctica.

Tamén se contribuirá dende as aulas ao Plan Lector do centro mediante os libros de lectura, á Dinamización das TIC a través do ensino dos diferentes soportes informáticos para os traballos así como ao Proxecto Lingüístico de centro e á dinamización da Lingua Galega mediante a participación nas actividades que se organicen.

## **2.12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O alumnado de Ensino Secundario para Adultos poderán participar nas actividades que organicen as diferentes dinamizacións do centro. Celébrase habitualmente o antroido e o Días das Letras Galegas.

# **3. MÓDULO 1**

## **3.1. OBXECTIVOS**

- Desenvolver a comprensión lectora do alumnado.

---

- Comprender a idea xeral e a intención comunicativa en textos sinxelos (tanto orais como escritos) nos ámbitos persoal, social e académico.
- Desenvolver a capacidade do alumnado para realizar narracións, resumos e exposicións tanto orais como escritas, en soporte dixital e papel, con corrección gramatical e ortográfica.
- Potenciar a creación de textos descritivos e narrativos con coherencia e cohesión.
- Analizar as ideas principais e secundarias dun texto.
- Reflexionar e recoñecer os mecanismos da lingua e os elementos que interveñen na comunicación.
- Recoñecer a riqueza multicultural e a diversidade lingüística da sociedade actual, especialmente en España e en Galicia, respectalas e valoralas positivamente.
- Ler con regularidade fragmentos e obras literarias e usar os coñecementos adquiridos na aula sobre literatura para unha mellor comprensión delas.
- Expoñer unha opinión persoal sobre a lectura realizada e recoñecer os trazos xerais do xénero a que pertencen.

## 3.2. CONTIDOS

### UNIDADE 1

**Lingua:** Historia da lingua galega. Castelanismos. *Meeting new people*.

**Literatura:** Literatura popular

**Competencia lingüística:** O correo electrónico.

### UNIDADE 2

**Lingua:** As linguas no mundo. Sinonimia. Clases de palabras. Estrutura das palabras. *Have got*

### UNIDADE 3

**Lingua:** As linguas na Península Ibérica. Clasificación do substantivo. O xénero do substantivo. Casos especiais de acentuación. *Describing people*

**Competencia lingüística:** Comenta un texto descritivo.

#### UNIDADE 4

**Lingua:** Os adxectivos cualificativos. Os graos. ORTOGRAFÍA: regras xerais acentuación. O acento diacrítico. *Wh-questions*.

**Literatura:** O espazo e o tempo.

**Competencia lingüística:** As redes sociais.

#### UNIDADE 5

**Lingua:** O galego: unidade e variedade. Os contrarios ou antónimos.

**Literatura:** Estrutura textos narrativos.

#### UNIDADE 6

**Lingua:** O galego no exterior. Os prexuízos. VOCABULARIO: Vocabulario referido á comida. Prefixos e sufixos. ORTOGRAFÍA: Uso de B/V

**Literatura:** Os contos.

**Competencia lingüística:** Comenta un texto instrutivo.

#### UNIDADE 7

**Lingua:** Os determinantes numerais. Os prexuízos. A antonimia. Uso de i/II/x

**Literatura:** O xénero lírico.

### 3.3. TEMPORALIZACIÓN

Ver apartado correspondente

### 3.4. CONTIDOS MÍNIMOS

- Elaborar breves textos: narrativos, descritivos e textos de instrucións.
- Elaborar breves textos orais e escritos adaptados aos diferentes contextos comunicativos.

- Saber empregar as normas ortográficas e de puntuación e corrección lingüística.
- Elaborar cunha planificación e estruturación ordenada textos escritos de temas de interese persoal.
- Utilizar e recoñecer nos textos as regras de concordancia e as funcións de suxeito e predicado.
- Empregar diferentes rexistros lingüísticos e coñecer os seus usos sociais.
- Elaborar traballos en soporte informático par expoñelos na aula.
- Saber recoñecer as distintas clases de palabras.
- Comprender distintos tipos de textos dos medios de comunicación ( orais e escritos ).
- Identificar as ideas principais e secundarias en distintos tipos de textos.
- Comprender e elaborar textos de instrucións da vida cotiá.

### **3.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS**

Estes son os criterios xerais:

- Expor oralmente un tema con coherencia, cohesión e axustándose á situación comunicativa.
- Elaborar textos escritos diversos segundo a súa función e ámbito.
- Comprender textos orais e escritos distinguindo ideas principais e secundarias.
- Producir mensaxes nas que se integran todo tipo de códigos.
- Reflexionar sobre os mecanismos da lingua e identificar os elementos do sistema comunicativo.
- Producir textos, en soporte papel ou dixital, sobre temas de actualidade e próximos ao contorno, coa axuda das TIC.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para mellorar a comprensión de textos orais e escritos e para compoñer e revisar os textos propios tanto en soporte papel como dixital.

## **4. MÓDULO 2**

### **4.1. OBXECTIVOS**

- Recoñecer as características básicas dos textos literarios, identificando as características propias de cada xénero.
- Recoñecer os principais recursos estilísticos.
- Comprender a intención comunicativa do autor de textos literarios, escritos e orais.
- Ler e interpretar textos dramáticos.
- Ler e interpretar textos líricos recoñecendo: tema, estrutura, estrofa, metro, rima e principais figuras estilísticas.
- Realizar exercicios de creación literaria ou escrita creativa.
- Ler fragmentos de obras claves da literatura galega.
- Analizar textos narrativos coñecendo os seus principais elementos (punto de vista, estrutura, espazo, personaxes,...)
- Saber utilizar as nocións básicas de ortografía e corrección lingüística.
  
- Mellorar a competencia léxica e ortográfica mediante o manexo de correctores ortográficos.
- Recoñecer e elaborar textos instrutivos, informativos e de opinión.

### **4.2. CONTIDOS**

UNIDADE 8

---

**Lingua:** As actitudes lingüísticas. O pronome persoal: formas tónicas. A coma e o punto e coma. *Have got*

**Competencia lingüística:** elaborar unha instancia.

#### UNIDADE 9

**Lingua:** Vocabulario referido ao medio natural. Formas átonas do pronome persoal. Os dous puntos e os puntos suspensivos. *The time. Work*

**Competencia lingüística:** Elaborar unha carta.

#### UNIDADE 10

**Lingua:** O galego é útil. O verbo (1): Se fose... Uso do *h*. *Describing my town*

**Competencia lingüística:** Elaboración dunha acta.

#### UNIDADE 11

**Lingua:** A normalización lingüística. Prefixación e sufixación. O verbo. Uso de *b e v*.  
*Health and shopping*

#### UNIDADE 12

**Lingua:** Sentir. O verbos con alternancia vocálica. Palabras con *es-* e *ex-*

**Competencia lingüística:** Textos instrutivos.

#### UNIDADE 13

**Lingua:** Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG). Vocabulario referido ás comidas. A oración.

**Competencia lingüística:** As reclamacións.

#### UNIDADE 14

**Lingua:** Vocabulario referido ás viaxes. O infinitivo conxugado.

### 4.3. TEMPORALIZACIÓN

Ver apartado correspondente

## **4.4. CONTIDOS MÍNIMOS**

- Coñecer as características da linguaxe literaria.
- Coñecer os elementos particulares da comunicación literaria.
- Recoñecer e analizar os xéneros literarios e os recursos estilísticos.
- Realizar comentarios de texto líricos recoñecendo: tema, estrutura, estrofa, metro, rima e principais figuras estilísticas.
- Realizar exercicios de creación literaria.
- Ler obras ou fragmentos de obras claves da literatura galega.
- Realizar comentarios de textos narrativos recoñecendo os seus principais elementos
- Recoñecer e elaborar textos instrutivos, informativos e de opinión.
- Demostrar ter un uso fluído da lingua e empregala con corrección gramatical e ortográfica tanto na fala como na escrita.
- Demostrar ter lido o/s libro/s de lectura obrigatorios.

## **4.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS**

Estes son os criterios de carácter xeral:

- Identificar os diferentes elementos do acto comunicativo na comunicación literaria.
- Identificar e diferenciar os distintos xéneros literarios.
- Identificar os recursos estilísticos empregados nun texto polo autor.
- Comentar textos líricos de todas as épocas e recoñecer nelas a sensibilidade da época histórica en que foron creadas.
- Realizar narracións, resumos e exposicións de experiencias vividas, con claridade, estrutura e rexistro axeitado, tanto de forma oral como por escrito, en soporte papel ou dixital, coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, e compartilas con outras persoas

- Ler, escoitar ou ver con regularidade fragmentos, obras literarias completas ou adaptacións. Usar os coñecementos adquiridos na aula sobre literatura para unha mellor comprensión e desenvolvemento do criterio propio.
- Recuperar e seleccionar, tanto en soporte papel como dixital, fragmentos literarios (narracións breves, poemas, cancións populares actuais...) para ser lidas e escoitadas na aula.
- Fomentar o interese por recuperar e dar a coñecer contos, anécdotas, poemas de carácter popular recollidos no seu contorno e a través das TIC.
  
- Expoñer a opinión persoal sobre obras literarias ou fragmentos delas lidos na aula ou fóra dela.
- Compoñer textos, en soporte papel ou dixital, tomando como modelos textos literarios ou realizar algunhas transformacións neses textos.
- Aplicar os coñecementos literarios adquiridos para mellorar a comprensión e a valoración de fragmentos e obras lidos ou localizados a través das TIC.

## **5. MÓDULO 3**

### **5.1. OBXECTIVOS**

O ámbito lingüístico ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e da capacidade de interaccionar nas diversas situacións de comunicación. A sociedade actual posúe unha suficiencia extraordinaria para producir e consumir mensaxes e imaxes que chegan a través dos medios de comunicación, construindo un poderoso vehículo de expresión, coñecemento e transformación da realidade, podéndose converter nun medio de manipulación do pensamento. Por todo iso, é imprescindible potenciar no alumnado, a través da análise e valoración das mensaxes dos medios, un xuízo crítico e unha reflexión con que poida alcanzar un criterio propio e unha visión crítica da realidade, a través dun conxunto de

---

estratexias básicas: seleccionar información, analízala, distinguir feitos de opinións, relacionar, etc.

Os contidos que marcarán as pautas deste bloque e que servirán de núcleos organizadores son os relacionados coa comprensión de textos e produtos en xeral dos medios de comunicación escrita e audiovisual, coa súa análise, e coa construción de textos seguindo as características formais dos que aparecen neses medios.

O traballo céntrase tamén no emprego activo das tecnoloxías da información e da comunicación, e ten como obxectivo que o alumnado adulto sexa competente no tratamento da información dixital.

Cómpre aprender ao alumnado a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán mellorar as súas habilidades para obter e expresar información significativa.

A lingua mesma é a ferramenta con que se aborda a crecente información de que se dispón. O coñecemento dos sistemas e modo de operar das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e do seu uso debe capacitar o alumnado para unha axeitada xestión da información atendendo ás distintas finalidades prácticas, persoais e profesionais. Necesitaranse estratexias para organizar, relacionar e sintetizar esta información e tamén para prepararnos para os novos avances tecnolóxicos que se avexiñan.

Neste bloque, as epígrafes Comunicación escrita: ler e escribir e Lingua e sociedade terán unha especial relevancia.

## **5.2. CONTIDOS**

### UNIDADE 9: COMUNICACIÓN ORAL

La exposición oral .El debate . Historia da lingua galega,Sociolingüística do galego .*Introductions and personal information*

### UNIDADE 10: A GRAMÁTICA

A puntuación e a cohesión textual. Normas de acentuación.Morfoloxía. As categorías gramaticais

Semántica. *Talking about daily routine*

### UNIDADE 11: COMUNICACIÓN ESCRITA

Tipos de textos .Traballos académicos.Técnicas de estudio .Técnicas de redacción de textos. La adecuación, la coherencia, la cohesión.. *Talking about food*

## UNIDADE 12: EDUCACIÓN LITERARIA

Historia da literatura galega. Historia da literatura castelá.*Talking about your last weekend*

### **5.3. TEMPORALIZACIÓN**

Ver apartado correspondente

### **5.4. CONTIDOS MÍNIMOS**

- Comprender e analizar textos propios dos medios de comunicación audiovisual.
  - Elaborar textos breves de valoración crítica sobre temas de actualidade e desenvolves oralmente en lingua galega e castelá.
  - Elaborar traballos en soporte dixital en lingua galega e castelá .
  - Expór traballos en lingua galega e castelá aplicando as técnicas e estratexias necesarias.
  - Recoñecer as estruturas de substantivos, adxectivos e pronomes persoais.
  
  - Saber empregar as normas ortográficas e de corrección lingüística en lingua galega e castelá .
  - Comprender a situación sociolingüística galega.
  - Compoñer textos sinxelos de intención literaria.
  - Demostrar ter lido os libros propostos pola profesora
  - Utilizar nun nivel básico o procesador de textos e os buscadores da rede.
  - Coñecer as nocións básica da historia da lingua galega e castelá.
  - Coñecer as nocións básicas da literatura galega entre os séculos XIII e XIX.
-

-Coñecer as nocións básicas da literatura castelá desde a Idade Media ata o s. XIX.

## **5.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS**

1. Identificar o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación e da publicidade, así como sintetizar o contido fundamental dunha exposición académica oral.

Con este criterio comprobaremos se o alumnado adulto pode identificar a idea fundamental e mais a información relevante dos textos propios dos medios de comunicación e da publicidade. Debe servir tamén para avaliar a súa comprensión de

textos expositivos propios do ámbito académico a través da realización de resumos e esquemas.

2. Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas de actualidade próximos á experiencia do alumnado adulto. Contrastaranse os diferentes puntos de vista e as opinións expresadas nos medios de comunicación e nas mensaxes publicitarias. Avaliarase tamén a participación en traballos colaborativos e en simulacións (de entrevistas, de anuncios de publicidade), respectando as regras correspondentes.

Con este criterio comprobarase se o alumnado adulto é capaz de expoñer oralmente información de actualidade, así como de participar en traballos colaborativos e realizar informes académicos. Valorarase se utiliza un guión previamente elaborado e mantén a atención do auditorio coa axuda de pausas e inflexións da voz, da linguaxe non verbal e dos medios audiovisuais e das TIC.

3. Producir textos propios dos medios de comunicación (noticias, editoriais, entrevistas, crónicas, cartas ao director) e dos ámbitos social e académico. Usaranse con autonomía os modelos propostos na aula. Valoraranse especialmente a planificación e a revisión deses textos, así como a súa coherencia e cohesión e a riqueza do léxico empregado.

Con este criterio búscase avaliar a capacidade do alumnado adulto para producir textos seguindo as características formais dos propios dos medios de comunicación e se segue os pasos da escrita compositiva: planificar, xerar e organizar as ideas, e revisar realizando sucesivas versións.

4. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para mellorar a comprensión dos propios textos e para compoñelos e revisalos de xeito progresivamente autónomo.

---

Con este criterio comprobarase como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para mellorar a comprensión e a composición e revisión textuais. Atenderase ás variacións sociais da deíxe (fórmulas de confianza e cortesía), conectores distributivos, de orde, de contraste, explicación e causa; valores e uso das formas verbais; recoñecemento das funcións características das clases de palabras; construción de enunciados cohesionados; a comparación de formas e funcións das palabras nas linguas que estuda e coñece. Terase en conta a puntuación como recurso de cohesión, o uso da raia e da paréntese en incisos e os usos expresivos das comiñas.

5. Utilizar os medios de comunicación para comprender e analizar o uso das dúas linguas na comunidade autónoma. Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos.

Avaliase a través deste criterio o recoñecemento das circunstancias que actúan na conformación e evolución social das linguas, especialmente das da nosa comunidade, facendo análises dos distintos programas que ofrecen os medios de comunicación audiovisual e as publicacións escritas, sobre a quen van dirixidos e a lingua que usan, a través de mapas conceptuais, esquemas e resumos.

6. Ler, escoitar ou ver con regularidade obras literarias ou adaptacións delas e desenvolver o criterio lector. Expoñer a opinión persoal sobre a lectura ou o visionamento realizados. Valorarase se o alumnado adulto identifica a estrutura das obras, o seu punto de vista e a linguaxe utilizada.

Este criterio está dirixido a coñecer a competencia lectora do alumnado adulto no ámbito literario a través da lectura persoal ou o visionamento de obras completas, de fragmentos, artigos de carácter literario ou adaptacións traballadas na aula.

7. Seleccionar e analizar criticamente a información relevante en textos orais e escritos en diferentes soportes, para usala nas producións propias, especialmente en traballos académicos adecuados ao nivel.

Con este criterio valorarase a capacidade do alumnado adulto para usar os recursos da biblioteca do centro, os medios audiovisuais e as TIC (dicionarios, buscadores, bibliotecas e enciclopedias virtuais...).

Comprobarase se o alumnado adulto pode extraer e comparar a información relevante de diversas fontes e integrala nos seus traballos.

8. Escribir textos propios da vida cotiá (normas e instrucións de uso, correos electrónicos, intervencións en chats...), textos propios das relación sociais, dos medios

de comunicación e do ámbito académico, tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planificar e revisar autonomamente os ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.

Con este criterio preténdese valorar se a redacción das producións do alumnado se axusta ás propiedades textuais e se dominan as técnicas fundamentais da escrita comparativa. Permitirá comprobar, tamén, se se cuida a presentación e se se aproveitan eficazmente ferramentas como os dicionarios en diferentes soportes, buscadores de internet, correctores ortográficos, procesadores de textos e outros programas informáticos.

9. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico, utilizando a terminoloxía lingüística axeitada, para mellorar a comprensión e para compoñer e revisar de xeito autónomo os propios textos.

Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais. Permitirá avaliar que se coñece e usa a terminoloxía básica para seguir e dar explicacións e instrucións nas actividades gramaticais, os mecanismos de referencia interna gramaticais e léxicos; valores de subxuntivo e perífrases verbais de uso máis frecuente; as funcións características das distintas clases de palabras; clases de predicados e oracións simples. Comprobarase a consolidación do coñecemento

práctico das normas ortográficas e tipográficas. Valorarase a progresiva autonomía na obtención de información gramatical de carácter xeral nos dicionarios interactivos e os correctores ortográficos dos procesadores de textos.

10. Utilizar a información que ofrecen as TIC para comprender e analizar o uso das linguas de Galicia. Identificar as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e o uso social do galego.

Con este criterio avaliarase a comprensión das circunstancias que definen as diferentes etapas da historia social da lingua galega co fin de afirmala como propia de Galicia e entender mellor a súa situación actual, analizando o uso que se fai do castelán e do galego nas distintas informacións aparecidas nas TIC.

## **6. MÓDULO 4**

---

## **6.1. OBXECTIVOS**

O obxectivo do ámbito da comunicación é desenvolver a capacidade de comprender e de saber comunicarse nas diversas situacións e contextos da vida. A linguaxe ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relación consigo mesma e nas súas relacións e posibilidades sociais e profesionais. É tamén o instrumento imprescindible para entender e explicar o mundo, e intentar a súa transformación.

Neste bloque facilitaranse ao alumnado estratexias para a consecución da súa autonomía persoal e da súa capacitación para integrarse como compoñente pleno na sociedade, a través dun uso máis maduro da linguaxe, especialmente en contextos laborais.

Os contidos máis importantes deste bloque son os relativos ao perfeccionamento das técnicas de comprensión e composición de textos propios, especialmente dos que debe usar nas súas relacións sociais e profesionais.

Os contidos deste bloque son eminentemente instrumentais e deben preparar o alumnado adulto para utilizar a lingua como vehículo para seguir adquirindo coñecementos durante toda a súa vida. A linguaxe constitúese así en instrumento de aprendizaxe do resto dos ámbitos, posto que a propia lingua é a ferramenta imprescindible do coñecemento.

O alumnado debe desenvolver as estratexias necesarias para que aprenda a manexar a lingua en todas as situacións de comunicación.

Neste bloque terán especial importancia a análise e o uso de procedementos para que o adulto poida autodirixir conscientemente a súa aprendizaxe, desenvolvendo estratexias para buscar, organizar e expresar a información, especialmente con fins académicos, e poder seguir así aprendendo ao longo de toda a súa vida.

Terán especial significado neste bloque o uso das técnicas de traballo intelectual e dos formatos máis útiles dos textos informativos (resumos, informes, etc.)

## **6.2. CONTIDOS**

UNIDADE 13: COMUNICACIÓN ORAL

---

El uso social de las lenguas. Los medios de comunicación audiovisual. Sociolingüística da lingua galega .*Talking about jobs*

#### UNIDADE 14: GRAMÁTICA

Léxico e semántica. Ortografía, acentuación, puntuación.*Talking about yesterday* .

#### UNIDADE 15: COMUNICACIÓN ESCRITA

Tipos de textos.Técnicas de redacción de textos. A cohesión gramatical.*Shopping for clothes*

#### UNIDADE 16: EDUCACIÓN LITERARIA

Historia da literatura galega do século XX. Historia da literatura castelá do século XX. Literatura hispanoamericana do século XX. *Talking about travel*

### 6.3. TEMPORALIZACIÓN

Ver apartado correspondente

### 6.4. CONTIDOS MÍNIMOS

- Comprender textos propios dos medios de comunicación en lingua galega e castelá .
  - Compoñer textos propios das relacións sociais como foros, blogs, solicitudes, instancias, reclamacións, currículos, etc.
  - Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas do estado español.
  - Ter un coñecemento básico da literatura galega do século XX.
  - Ter un coñecemento básico da literatura castelá do século XX.
  - Ter un coñecemento básico da literatura hispanoamericana do século XX.
  - Demostrar ter un uso fluído das linguas galega e castelá e empregala con corrección tanto na fala como na escrita.
  - Demostrar ter lido os libros de lectura obrigatoria.
  - Compoñer textos de creación propia en lingua galega e castelá .
  - Demostrar ter un coñecemento básico do uso das TIC.
-

- Elaborar traballos en soporte dixital en lingua galega e castelá.
- Expor traballos utilizando as técnicas adecuadas de expresión oral en lingua galega e castelá.

## **6.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS**

1. Identificar os temas e a organización de textos tomados dos medios de comunicación (debates, faladoiros) e de situacións comunicativas simuladas (entrevistas de traballo...). Participar de forma construtiva en diversas situacións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de buscar, localizar e seleccionar información nos textos orais e escritos. Débese avaliar a capacidade para transcender o significado superficial e extraer inferencias directas, tema xeral e secundarios; avaliar se aplica as técnicas de organización de ideas e se é capaz de participar

activamente en situacións de comunicación, respectando as regras e valorando o diálogo para a resolución de conflitos.

2. Planificar e realizar exposicións orais de traballos e de informacións de actualidade, contrastando os diferentes puntos de vista e as opinións expresadas en distintos medios audiovisuais.

A través deste criterio comprobarase se o alumnado adulto é capaz de expoñer oralmente información de actualidade, traballos e informes académicos. Valorarase se utiliza un guión previamente elaborado e mantén a atención do auditorio coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC.

3. Compoñer textos propios da vida cotiá, das relación profesionais e sociais e do ámbito académico. Tomaranse como referencia os modelos propostos na aula e expresaranse con claridade, coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica as opinión propias. Valorarase especialmente se se planifican e revisan eses textos.

A través deste criterio valorarase se a redacción dos textos do alumnado adulto (solicitudes, instancias, reclamacións, currículos, cartas ao director...) se axustan aos modelos propostos e se dominan as técnicas fundamentais da escrita: planificar, xerar

e organizar as ideas, e revisar a redacción. Tamén se comprobará se se cuida a presentación.

4. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para mellorar a comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos. Trátase de indagar con este criterio se se utilizan os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso en relación coa comprensión, a composición e a revisión de textos. Atenderase ás variacións sociais (rexistros e factores de uso), a expresión da subxectividade (opinión, valoración, certeza, citas, etc.), o uso de conectores (causa, consecuencia, condición e hipótese), a construción de enunciados cohesionados (construcións e oracións nominais, coordinación e subordinación e paso de estilo directo a indirecto).

Debe distinguirse a diferenza entre forma e función das palabras e a comparación de formas e función das palabras. Terase en conta a ortografía, a puntuación e o recoñecemento nas producións propias dos erros considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

5. Comprender e analizar o uso das dúas linguas da comunidade nos distintos documentos de tipo profesional e administrativo. Identificar as causas e as

consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde comezos do século XX ; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Con este criterio preténdese avaliar, a través da recolla e análise de documentos de tipo profesional e administrativo recollidos no contorno (contratos de traballo, instancias, follas de reclamación, facturas, etc.), a comprensión do uso das dúas linguas na actualidade. Igualmente, das circunstancias que definen as diferentes etapas da historia social da lingua galega. Tamén se estimará a reflexión crítica ante os prexuízos lingüísticos e mais a adopción de actitudes positivas cara ao uso normalizado da lingua.

6. Utilizar os coñecementos literarios estudados para comprender mellor e valorar os fragmentos literarios ou as obras lidos. Atenderase ao uso de temas recorrentes, ao valor da linguaxe poética, xéneros utilizados, formas literarias e estilos.

Preténdese comprobar se o alumnado adulto asimilou os coñecementos literarios e os utiliza para avaliar o contido dun texto, a súa organización e a súa linguaxe.

7. Identificar o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios do ámbito académico. Participar en diversas situacións comunicativas

respectando as regras correspondentes, e valorando o diálogo como medio de resolución de conflitos.

Mediante este criterio comprobarase se o alumnado adulto é quen de comprender textos expositivos, se sintetizan as ideas fundamentais e discriminan neles información, opinión e persuasión; se é quen de seguir un guión previamente elaborado e manter a atención do auditorio coa axuda das pausas e inflexións da voz, da linguaxe non verbal e dos medios audiovisuais e das TIC.

8. Planificar e realizar exposicións orais de traballos e de informacións de actualidade. Diferenciar a información da opinión e da persuasión, e participar de forma construtiva en debates, traballos colaborativos, etc., respectando as regras correspondentes. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

Con este criterio comprobarase a capacidade do alumnado adulto para planificar e expoñer oralmente temas de actualidade e traballos académicos, despois de facer un guión e realizar mapas conceptuais e resumos. Valorarase se o alumnado utiliza os medios audiovisuais e as TIC.

9. Expoñer, resumir e comentar textos do ámbito académico, en soporte papel ou dixital, nun rexistro adecuado, con secuencias coherentes, respectando as normas gramaticais e ortográficas e utilizando a planificación e a revisión de textos.

Este criterio trata de avaliar que as alumnas e alumnos adultos son capaces de expresarse por escrito de forma coherente, seguindo os pasos propios da produción dun escrito e axustándose a un formato e a un rexistro axeitados; cubrir documentos propios do ámbito público; resumir narracións e exposicións reconstruíndo os elementos básicos do texto orixinal e organizando a información de forma xerárquica, consultando distintas fontes. Valorarase a presentación dos escritos, en soporte papel ou dixital, con respecto ás normas ortográficas e tipográficas.

10. Recoñecer os mecanismos gramaticais da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.

Este criterio trata de comprobar que se utilizan os coñecementos sobre a lingua na revisión de textos de forma autónoma; avaliaranse aspectos como os mecanismos de referencia interna, a identificación dos esquemas oracionais, os procedementos léxicos e sintácticos para o cambio de categoría, a comparación de formas e funcións das palabras nas linguas que coñece, a consolidación do coñecemento práctico das normas ortográficas e o recoñecemento nas súas producións do erro como parte da aprendizaxe.

11. Coñecer a diversidade lingüística de España, analizando os factores que inciden na relación das linguas da nosa comunidade e reflexionando sobre a situación plurilingüe de Galicia; analizar criticamente os condicionamentos da valoración e do uso social do galego; utilizar a lingua con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Con este criterio trátase de avaliar a comprensión das circunstancias que definen a situación das diferentes linguas da península e das etapas da historia social da lingua galega, co fin de afirmala como propia de Galicia e entender a súa situación actual.

Tamén se estimará a capacidade de análise do contexto sociolingüístico e de reflexión crítica ante prexuízos lingüísticos, e mais a adopción de actitudes positivas cara ao uso normalizado da lingua.

12. Amosar a través dun traballo persoal de síntese ou recreación, en soporte papel ou dixital, que se coñecen as relacións entre os autores / as da obras lidas ou visionadas e o seu contexto, expoñendo unha valoración persoal; valorar as innovacións dos xéneros e as formas na literatura contemporánea.

Este criterio trata de comprobar que se comprende o fenómeno literario como unha actividade comunicativa estética nun contexto histórico determinado, mediante un traballo persoal, en soporte papel ou dixital, que sintetice a información obtida ou a composición dun texto que imite ou recree algún dos modelos utilizados. Preténdese comprobar que se adquire o coñecemento dos períodos literarios do século XX, así como das obras e dos autores máis relevantes desa época.

## **7. CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DA ETAPA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE**

### **ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO I.**

#### **1. CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DA ETAPA**

##### **1.1. Bloque I. Comunicación oral: escoitar e falar**

B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de textos orais ou dos medios de comunicación, de situacións da vida cotiá e da vida académica (Obxectivos d, e, g, h, l, ñ).

---

- B1.2. Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. (Obxectivos a, g, i).
- B1.3. Exposición oral de temas relacionados coa actividade académica ou outros feitos de interese. (Obxectivos a, c, d, g, h, i, j).
- B1.4. Coñecemento e utilización de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación como apoio ás producións. (Obxectivos a, e, l).
- B1.5. Articulación clara, pronuncia adecuada e uso correcto das regras gramaticais na produción de textos orais curtos.(Obxectivos a, g).
- B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta. (Obxectivos a, g).
- B1.7. Participación activa en diálogos, debates e traballos de grupo cooperando e respectando o resto dos compoñentes. (Obxectivos a, b, d, e, f, g, i).
- B1.8. Desenvolvemento de actitudes críticas ante os usos lingüísticos nos que están implícitos prexuízos de todo tipo. (Obxectivos a, b, c, d, m, n).
- B1.9. Actitude positiva e activa respecto á utilización da lingua galega nos intercambios orais. (Obxectivos c, d, m, n).
- B1.10. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais. (Obxectivos a, e, f, g, h, i, j).
- B1.11. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa. (Obxectivos a, e, f, g).
- B1.12. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.(Obxectivos a, e, g).

## **1.2. Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.**

- B2.1. Comprensión e interpretación das informacións máis relevantes de textos escritos da vida cotiá e dos medios de comunicación próximos aos intereses do alumnado. (Obxectivos a, e, g, h).
- B2.2. Comprensión e interpretación de textos narrativos. (Obxectivos a, e, g, h).
- B2.4. Identificación da estrutura comunicativa das mensaxes escritas.(Obxectivo g).
- B2.5. Análise pautada, síntese do contido, de textos escritos, formato papel ou dixital, para a identificación das ideas principais e secundarias.(Obxectivos g, h, j).
- B2.6. Utilización de estratexias para a planificación da escrita de textos sobre temas de interese persoal: buscar e desenvolver ideas, organízalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva, tanto en papel coma en soporte dixital. (Obxectivos a, e, f, g, h, i, j).
- B2.8. Busca do significado do léxico descoñecido. Promovendo o uso de dicionarios en papel ou dixitais. (Obxectivos a, e, f).
- B2.9. Utilización das bibliotecas e das TICS como fonte de información e de modelos para a comprensión escrita (Obxectivos a, e, f).
- B2.10. Produción en formato papel ou dixital, de textos escritos da vida cotiá.(Obxectivos a, e, f, g, h).
- B2.11. Produción en formato papel ou dixital, de textos escritos propios da vida académica.(Obxectivos a, e, f,

g, h).

B2.13. Produción en formato papel ou dixital, de textos narrativos.(Obxectivos a, e, f, g, h).

B2.14. Uso de técnicas de tratamento textual coas TIC (procesadores de texto, dicionarios, correctores...) tanto na planificación como para a revisión e mellora do texto (Obxectivos a, l).

B2.15. Interese pola presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas utilizadas.(Obxectivos a, g, h).

B2.16. Valoración da escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios.(Obxectivos a, l).

B2.17. Actitude positiva e activa respecto da utilización da lingua galega nos textos escritos.(Obxectivos d, m, n).

B2.18. Toma de conciencia da importancia persoal e social do dominio do textos escritos.(Obxectivos a, m, n).

B2.19. Uso guiado de estratexias de autoavaliación e autocorrección do proceso de realización e dos resultados das producións orais e escritas.(Obxectivos a, e).

B2.20. Valoración da lingua e da comunicación como o medio para a comprensión doutros mundos e culturas e da propia persoa; para participar na sociedade plural e diversa do S. XXI.(Obxectivos a, c, e).

### **1.3. Bloque 3: Funcionamento da lingua.**

B3.1. Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre a comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, tendo en conta o papel que desenvolven as normas sociocomunicativas e a linguaxe prosódica e a non verbal na comunicación oral (Obxectivos a, c, e).

B3.2. Elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais (Obxectivos g, h).

B3.3. Adecuación dos textos aos rexistros coloquial ou formal, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe (Obxectivos g, h).

B3.4. Recoñecemento do sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da nosa lingua (Obxectivos a, g).

B3.6. Recoñecemento e uso das normas ortográficas (Obxectivos g, h).

B3.7. Recoñecemento da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato.(Obxectivos g, h).

B3.8. Iniciación ao uso de correctores ortográficos dos procesadores de texto.(Obxectivos a, l).

B3.9. Recoñecemento das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes persoais tónicos e átonos.(Obxectivos g, h).

B3.10. Comprensión e utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.(Obxectivos g, h).

B3.11. Comprensión e utilización dunha terminoloxía lingüística básica.(Obxectivos g, h).

B3.12. Coñecemento de expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos da contorna inmediata, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas.(Obxectivos a, g, h, i).

B3.13. Coñecemento, construción e utilización de oracións simples: enunciativa, interrogativa, desiderativa, dubitativa exclamativa e imperativa.(Obxectivos a, g, h, i).

B3.14. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras. Recoñecemento da sinonimia, a antonimia e polisemia.(Obxectivos a, g, h, i).

#### **1.4. Bloque 4. Lingua e sociedade.**

B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. (Obxectivos a, d, m, n).

B4.2. O plurilingüismo: riqueza cultural individual e comunitaria.(Obxectivos a, d, m, n).

B4.3. As linguas do Estado Español. (Obxectivos a, d, m, n).

B4.4. O galego e o portugués. (Obxectivos a, d, m, n).

B4.5. Análise da situación sociolingüística do centro educativo e da súa cidade. (Obxectivos a, d, m, n).

B4.6. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de normalización da lingua galega, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara o seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado do idioma galego.(Obxectivos a, d, m, n).

#### **1.5. Bloque 5. Educación literaria.**

B5.1. Lectura autónoma ou guiada de obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada textos. (Obxectivos a, d, g, h, m, n).

B5.2. Lectura comentada de contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función.(Obxectivos a, d, g, h, m, n).

B5.3. Lectura comentada e dramatizada de obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral. (Obxectivos a, d, g, h).

B5.5. Diferenciación dos grandes xéneros literarios e recoñecemento das súas características a partir da lectura.(Obxectivos a, g, h).

B5.6. Aprecio da literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural. (Obxectivos a, d, m, n).

B5.7. Produción, previa planificación, de textos con intención literaria.(Obxectivos a, g, h).

B5.8. Coñecemento e uso de estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.(Obxectivos a, g, h).

B5.9. Audición e recitado de poemas. (Obxectivos a, g).

B5.10. Utilización dirixida da biblioteca escolar, das bibliotecas municipais, bibliotecas virtuais e webs para o fomento e orientación da lectura.(Obxectivos a, f).

B5.11. Desenvolvemento progresivo da autonomía lectora e da consideración da lectura como fonte de coñecemento do mundo e da persoa.(Obxectivos a, f).

B5.12. Valora a lectura como fonte de pracer. .(Obxectivos a, f).

#### **ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1.**

---

## **2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.**

### **2.1. Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar**

#### Criterios de avaliación

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais dos medios de comunicación.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación. (Competencias clave CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)

B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais da vida cotiá. (Competencias clave CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)

B1.1.3. Extrae a intención comunicativa dos textos orais e escritos do ámbito académico, seguindo as instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe, con progresiva autonomía. (Competencias clave CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)

#### Criterios de avaliación

B.1.2. Identificar e extraer as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.2.1. Identifica e extrae as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. (CCL, CAA)

#### Criterios de avaliación

B.1.2. Identificar e seleccionar as ideas principais e as ideas secundarias do texto

#### Estándares de aprendizaxe

B1.2.2. Identifica e selecciona as ideas principais e secundarias dun texto. (CCL, CAA)

#### Criterios de avaliación

B1.3. Expor temas relacionados coa actividade académica e con noticias do seu interese.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.3.1. Expón con claridade e orde temas relacionados coa actividade académica ou con noticias. (Competencias clave CCL, CAA, CSC)

B1.3.2. Utiliza no proceso diversos medios de rexistro de información ( táboas, gráficos, esquemas ...) (Competencias clave CCL, CAA, CSC)

#### Criterios de avaliación

B1.4. Coñecer e aplicar as TIC na produción de textos orais e escritos.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.4.1. Busca e selecciona información relevante procedente de distintas fontes: audiovisuais e dixitais.(Competencias clave CD)

#### Criterios de avaliación

B.1.5. Valorar unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.5.1. Valora e, de forma progresiva, desenvolve unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas. (Competencias clave CCL)

#### Criterios de avaliación

B1.6. Valorar as producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. (Competencias clave CCL, CAA, CSC)

B1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. (Competencias clave CCL, CAA, CSC)

#### Criterios de avaliación

B1.7. Participar activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.7.1. Participa activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos. (CCL, CAA, CSC)

B1.7.2. Fai preguntas e comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais. ( CCL, CAA, CSC)

B1.7.3. Respecta a quenda de palabra e usa as formas de cortesía.(CCL, CAA, CSC)

B1.7.4. Respecta os argumentos dos demais, contrasta esa información e toma decisións. (CCL, CAA, CSC)

#### Criterios de avaliación

B1.8.1. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais e escritos.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.8.1.1. Recoñece a intencionalidade do/a emisor/-a a partir dos elementos contextuais. (CCL, CSC, CCEC)

#### Criterios de avaliación

B1.8.2. Analizar criticamente as mensaxes que conleven calquera tipo de prexuízo ou sexan discriminatorias.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.8.2.1. Identifica expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación. (Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

B1.8.2.2. Evita o seu uso. (Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

#### Criterios de avaliación

B1.9. Coñecer, valorar e usar a lingua galega nas intervencións orais propias e alleas, tanto

---

espontáneas coma planificadas.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.9.1. Usa a lingua galega nos diferentes ámbitos de comunicación. (CCL)

B1.9.2. Participa en actividades de transmisión e creación da cultura galega. (CCL)

B1.9.3. Ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación.(CCL)

#### Criterios de avaliación

B1.10. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou grupal.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.10.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais. (CCL, CAA)

B1.10.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con confianza e seguridade. (CCL, CAA)

B1.10.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. ( CCL, CAA)

B1.10.4. Incorpora progresivamente palabras do nivel formal ás súas producións orais. (Competencias clave CCL, CAA)

B1.10.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. (CCL, CAA)

B1.10.6. Recoñece e avalía erros ( progresión na argumentación, pobreza léxica e castelanismos). (Competencias clave CCL, CAA)

#### Criterios de avaliación

B1.11. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.11.1 .Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. (CCL, CSC)

B1.11.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. (Competencias clave CCL, CSC)

#### Criterios de avaliación

B1.12. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.12.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa. (CCL, CAA)

## **2.2. Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir**

#### Criterios de avaliación

B2.1. Comprender, interpretar textos da vida cotiá e dos medios de comunicación.

#### Estándares de aprendizaxe

B2.1.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso. (Competencias clave CCL, CAA, CD, CSC)

B2.1.2. Comprender, interpretar textos dos medios de comunicación.(CCL, CAA, CD, CSC)

### Criterios de avaliación

B2.2. Comprender e interpretar textos narrativos.

### Estándares de aprendizaxe

B2.2.1. Comprende e interpreta textos narrativos (Competencias clave CCL, CAA, CSC)

B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe narrativa. (Competencias clave CCL, CAA, CSC)

### Criterios de avaliación

B2.5. Identificar a estrutura comunicativa das mensaxes escritas.

### Estándares de aprendizaxe

B2.5.1. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas. (Competencias clave CCL)

### Criterios de avaliación

B2.6. Analizar o contido de textos escritos e sintetízalo.

### Estándares de aprendizaxe

B2.6.1.1. Analiza o contido de textos escritos, segundo as pautas indicadas. (CCL, CAA)

B2.6.1.2. Fai esquemas coas ideas principais e secundarias. (Competencias clave CCL, CAA)

B2.6.1.3. Sintetiza o contido de textos escritos. (Competencias clave CCL, CAA)

B2.6.2.2. Integra no resumo as ideas ou informacións do texto co apoio dun esquema previo (CCL, CAA)

### Criterios de avaliación

B2.6.3. Utilizar estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto.

### Estándares de aprendizaxe

B2.6.3.1. Utiliza estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto. (Competencias clave CCL, CAA)

### Criterios de avaliación

B2.7. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.

### Estándares de aprendizaxe

B2.7.1. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas, organízalas e fai un bosquejo. (CCL, CMCCT, CD, CSC, CCEC)

B2.7.2. Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. (Competencias clave CCL, CMCCT, CD, CSC, CCEC)

B2.7.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa. (Competencias clave CCL, CMCCT, CD, CSC, CCEC)

B2.7.4. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores

---

textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal. (Competencias clave CCL, CMCCT, CD, CSC, CCEC)

B2.7.5. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). (CCL, CMCCT, CD, CSC, CCEC)

B2.7.6. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corríxeo ( conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e prepara a redacción definitiva. (Competencias clave CCL, CMCCT, CD, CSC, CCEC)

#### Criterios de avaliación

B2.8. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixitais, motores de busca da información...

#### Estándares de aprendizaxe

B2.8.1. Busca palabras en dicionarios ( sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en papel ou dixitais. (Competencias clave CCL, CAA, CD)

#### Criterios de avaliación

B2.9. Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras bibliotecas e as TIC como fonte de información.

#### Estándares de aprendizaxe

B2.9.1. Utiliza, con progresiva autonomía, o OPAC das bibliotecas. (Competencias clave CCL, CAA)

B2.9.2. Busca información para ampliar e completar o contido da súa investigación a través de distintos recursos: revistas, artigos, enciclopedias e motores de busca especializados de internet. (Competencias clave CCL, CAA, CD)

#### Criterios de avaliación

B2.10. Producir textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais, en formato papel ou dixital.

#### Estándares de aprendizaxe

B2.10.1. Produce textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais ( notas, cartas, avisos, mensaxes) en formato papel papel ou dixital. (CCL, CAA, CD, CSC, CCEC)

#### Criterios de avaliación

B2.11. Producir textos da vida académica, en formato papel ou dixital.

#### Estándares de aprendizaxe

B2.11.1. Produce textos, en formato papel ou dixital, propios da vida académica.

#### Criterios de avaliación

B2.13. Producir textos narrativos, en formato papel ou dixital.

#### Estándares de aprendizaxe

B2.13.1. Produce textos narrativos, en formato papel ou dixital.(Competencias clave CCL, CAA, CD, CSC, CCEC)

#### Criterios de avaliación

B2.14. Usar, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto.

#### Estándares de aprendizaxe

---

B2.14.1. Usa, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto.(CCL, CAA, CD).

Criterios de avaliación

B2.15. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfica ou tipográfica.

Estándares de aprendizaxe

B2.15.1. Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfica ou tipográfica. (Competencias clave CCL, CAA, CD)

B2.15.2. Presenta os traballos con limpeza e claridade.

B2.15.3. O traballo presenta: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía.

Criterios de avaliación

B2.16. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial.

Estándares de aprendizaxe

B2.16.1. Valora a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial.(CCL, CSC, CCEC)

Criterios de avaliación

B2.17. Valorar a actitude positiva ante a produción escrita en lingua galega.

Estándares de aprendizaxe

B2.17.1. Valora positivamente a produción escrita en lingua galega. (Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

B2.17.2. Produce textos en lingua galega fóra do ámbito académico.(CCL, CSC, CCEC)

Criterios de avaliación

B2.18. Recoñecer a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito

Estándares de aprendizaxe

B2.18.1. Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.(Competencias clave CCL, CSC, CCEC).

Criterios de avaliación

B2.19. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora.

Estándares de aprendizaxe

B2.19.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias. (Competencias clave CCL, CAA)

Criterios de avaliación

B2.20. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual.

Estándares de aprendizaxe

B2.20.1. Valora a lingua como o medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual (Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

## **2.3. Bloque 3: Funcionamento da lingua**

### Criterios de avaliación

B3.1.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita.

### Estándares de aprendizaxe

B3.1.1.1. Coñece as características da linguaxe oral e escrita.(Competencias clave CCL)

### Criterios de avaliación

B3.1.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.

### Estándares de aprendizaxe

B3.1.2.1. Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.(Competencias clave CCL)

### Criterios de avaliación

B3.2. Recoñecer, explicar e usar os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.

### Estándares de aprendizaxe

B3.2.1. Recoñece, explica e usa os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.(Competencias clave CCL)

### Criterios de avaliación

B3.3. Construír textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa

### Estándares de aprendizaxe

B3.3.1. Constrúe, con progresiva independencia, textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico,segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe. (CCL)

### Criterios de avaliación

B3.4. Recoñecer o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da nosa lingua.

### Estándares de aprendizaxe

B3.4.1. Recoñece o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. (Competencias clave CCL)

B3.4.2. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.(CCL)

### Criterios de avaliación

B3.6. Recoñecer e aplicar as normas de ortografía.

### Estándares de aprendizaxe

B3.6.1. Recoñece e usa as regras da acentuación ( agudas, graves e esdrúxulas).(Competencias clave CCL)

B3.6.2. Recoñece e aplica as normas de uso do B/V. (Competencias clave CCL)

B3.6.3. Recoñece e aplica as normas de uso do H.(Competencias clave CCL)

### Criterios de avaliación

B3.7. Recoñecer e aplicar as normas da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato.

### Estándares de aprendizaxe

B3.7.1. Recoñece e aplica as normas da separación en sílabas da palabra.(Competencias clave CCL)

B3.7.2. Recoñece ditongos, tritongos e hiatos.(Competencias clave CCL)

Criterios de avaliación

B3.8. Usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.

Estándares de aprendizaxe

B3.8.1. Usa, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.  
(Competencias clave CCL, CD, CAA).

Criterios de avaliación

B3.9. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: substantivos, adxectivos, determinantes e pronome persoal tónico.

Estándares de aprendizaxe

B3.9.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (substantivo, adxectivos, determinantes e pronome persoal) nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros.(CCL)

Criterios de avaliación

B3.10. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.

Estándares de aprendizaxe

B3.10.1. Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, utiliza este coñecemento para corrixir erros. (CCL)

Criterios de avaliación

B3.11. Coñecer e usar unha terminoloxía básica.

Estándares de aprendizaxe

B3.11.1. Coñece e usa unha terminoloxía básica.(Competencias clave CCL)

Criterios de avaliación

B3.12. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos da contorna inmediata, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas.

Estándares de aprendizaxe

B3.12.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.(Competencias clave CCL)

Criterios de avaliación

B3.13. Coñecer, construír e utilizar as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa.

Estándares de aprendizaxe

B3.13.1. Recoñece e utiliza as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa en relación coa intención comunicativa do emisor.(Competencias clave CCL)

Criterios de avaliación

B3.14. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.

### Estándares de aprendizaxe

B3.14.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.(CCL)

## **2.4. Bloque 4. Lingua e sociedade**

### Criterios de avaliación

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.

### Estándares de aprendizaxe

B4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura.(Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

### Criterios de avaliación

B4.2. Valorar positivamente o plurilingüismo como expresión de riqueza tanto para o propio individuo como para a humanidade.

### Estándares de aprendizaxe

B4.2.1. Coñece as linguas que se falan no mundo, en Europa e na Península Ibérica e valora esta diversidade lingüística de riqueza inconmensurábel.(Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

### Criterios de avaliación

B4.3. Coñecer as linguas do Estado Español.

### Estándares de aprendizaxe

B4.3.1. Coñece as linguas que se falan no Estado Español.(Competencias clave CCL, CSC)

### Criterios de avaliación

B4.4. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que o integran.

### Estándares de aprendizaxe

B4.4.1. Coñece os trazos evolutivos do galego-portugués desde o medievo até a actualidade. (Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

B4.4.2. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófana.(Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

### Criterios de avaliación

B4.5. Coñecer e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos seus ámbitos familiares, escolares e do lugar onde viven.

### Estándares de aprendizaxe

B4.5.1. Coñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir da análise dos ámbitos que o/a rodean.(Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

### Criterios de avaliación

B4.6. Adquirir vínculos positivos cara ao uso da lingua galega e asumir a importancia da contribución individual e colectiva no desenvolvemento do idioma.

### Estándares de aprendizaxe

B4.6.1. Analiza a súa práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e colectivamente á

---

normalización da lingua galega. (Competencias clave CCL, CSC, CCEC)

## 2.5. Bloque 5: Educación literaria

### Criterios de avaliación

1 B5.1. Ler de forma autónoma ou guiada obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada textos.

### 2 Estándares de aprendizaxe

3 B5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector. (Competencias clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

4 B5.1.2. Expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada aos seus gustos. (Competencias clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

5 B5.1.3. Relaciona o sentido da obra coa propia experiencia e con outros coñecementos adquiridos. (Competencias clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

6 B5.1.4. Asimila os trazos estéticos xerais que definen cada textos.(Competencias clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

## 7 Criterios de avaliación

8 B5.2. Ler contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función.

### 9 Estándares de aprendizaxe

10 B5.2.1. Le contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura.(Competencias clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

11 B5.2.2. Recoñece os elementos básicos do relato literario e a súa función.(Competencias clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

## 12 Criterios de avaliación

13 B5.3. Ler dramatizando obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.

### 14 Estándares de aprendizaxe

15 B5.3.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis salientables.(Competencias clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

### 16 Criterios de avaliación

17 B5.4. Ler e analizar outras linguaxes estéticas: o cómic...

## 18 Estándares de aprendizaxe

19 B5.4.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística. (Competencia clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

20 B5.4.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.(Competencias clave CCL,

CAA, CSC, CCEC)

## **21** Criterios de avaliación

22 B5.5. Diferenciar os grandes xéneros literarios e recoñecer as súas características a partir da lectura.

### Estándares de aprendizaxe

24 B5.5.1. Diferencia os grandes xéneros literarios e recoñece as súas características a partir da lectura.  
(Competencia clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

25

## **26** Criterios de avaliación

B5.6. Valorar a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.

### Estándares de aprendizaxe

B5.6.1. Valora a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.(Competencias clave CCL, CAA, CSC, CCEC)

B2.6. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar información.

#### Estándares de aprendizaxe

B2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. (Competencias claves CCL, CAA, CD).

#### Criterios de avaliación

B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.

#### Estándares de aprendizaxe

B2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. (Competencias claves CCL).

B2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes (Competencias claves CCL, CSC).

#### Criterios de avaliación

B2.8. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas en lingua galega e castelá .

#### Estándares de aprendizaxe

B2.8.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados. (Competencias claves CCL, CAA).

B2.8.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos (Competencias claves CCL, CAA).

B2.8.3. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso. (Competencias claves CCL, CSC).

B2.8.4. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión internas do texto. (Competencias claves CCL).

B2.8.5. Revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma. (Competencias claves CCL, CAA).

#### Criterios de avaliación

B2.9. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.

#### Estándares de aprendizaxe

B2.9.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos. (Competencias claves CCL, CD).

### **2.3. Bloque 3. Funcionamento da lingua.**

---

#### Criterios de avaliación

B3.1. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.1.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. (Competencias claves CCL).

#### Criterios de avaliación

B3.2. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica e textual.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.2.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e sintáctica. (Competencias claves CCL).

B3.2.2. Revisa os textos para puntuar correctamente. (Competencias claves CCL).

#### Criterios de avaliación

B3.3. Analizar e usar correctamente as normas de acentuación en lingua galega e castelá.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.3.1. Analiza e usa correctamente as normas de acentuación en lingua galega e castelá . (CCL).

#### Criterios de avaliación

B3.4. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.4.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. (Competencias claves CCL, CAA).

B3.4.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual. (Competencias claves CCL, CAA).

#### Criterios de avaliación

B3.5. Recoñecer a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.5.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. (Competencias claves CCL, CAA).

#### Criterios de avaliación

B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa

intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. (CCL, CAA).

#### Criterios de avaliación

B3.7. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.7.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. (CCL, CAA).

#### Criterios de avaliación

B3.8. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto. (Competencias claves CCL, CAA).

#### Criterios de avaliación

B3.9. Reflexionar e explicar as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.9.1. Identifica e explica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.(Competencias claves CCL, CAA).

B3.9.2. Utiliza un vocabulario amplo e preciso utilizando os recursos proporcionados pola sinonimia. (Competencias claves CCL).

## **2.4. Bloque 4. Lingua e sociedade.**

#### Criterios de avaliación

B4.1. Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.

#### Estándares de aprendizaxe

B4.1.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega. ( CCL).

#### Criterios de avaliación

B4.2. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.

#### Estándares de aprendizaxe

B4.2.1. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.(Competencias claves CCL, CSC).

B4.2.2. Identifica as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da

lingua galega desde os seus inicios ata 1916.(Competencias claves CCL, CSC).

B4.2.3. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.( CCL, CSC, CD).

#### Criterios de avaliación

B4.3. Coñecer e describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

#### Estándares de aprendizaxe

B4.3.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais e colectivos. (Competencias claves CCL, CSC).

B4.3.2. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción nos diferentes ámbitos. (Competencias claves CCL, CSC).

#### Criterios de avaliación

B4.4. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

#### Estándares de aprendizaxe

B4.4.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.(Competencias claves CCL, CSC).

### **2.5. Bloque 5. Educación literaria.**

#### Criterios de avaliación

B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos das literaturas galega e castelá desde as súas orixes ata o século XX.

#### Estándares de aprendizaxe

B5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos das literaturas galega e castelá desde as súas orixes ata o século XX. (Competencias claves CCL).

B5.1.2. Sinala os principais trazos característicos dos distintos períodos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX. (Competencias claves CCL)

#### Criterios de avaliación

B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

#### Estándares de aprendizaxe

B5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX para a súa lectura. (Competencias claves CCL).

B5.2.2. Le autonomamente e comenta obras ou textos representativos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX, resume o seu contido, sinala os seus trazos

característicos definitorios e relacións co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período correspondente. (Competencias claves CCL).

B5.2.3. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos definitorios e pono en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s). (Competencias claves CCL).

#### Criterios de avaliación

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos e teatrais das literaturas galega e castelá desde a I. Media ata o século XX.

#### Estándares de aprendizaxe

B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos e teatrais representativos das literaturas galega e castelá desde a I. Media ata o século XX. (C. clave CCL).

#### Criterios de avaliación

B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX.

#### Estándares de aprendizaxe

B5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX. (Competencias claves CCL).

#### Criterios de avaliación

B5.5. Consultar fontes de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos.

#### Estándares de aprendizaxe

B5.5.1. Consulta fontes de información para a realización de traballos sinxelos. (CCL).

#### Criterios de avaliación

B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

#### Estándares de aprendizaxe

B5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. (Competencias claves CCL, CCEC).

B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos. (Competencias claves CCL, CCEC).

## ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4

### 1. CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DA ETAPA

#### 1.1. Bloque I. Comunicación oral: escoitar e falar

B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación: a información e a opinión en lingua galega e castelá. (Obxectivos d, e, h).

B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de natureza

diversa (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) en lingua galega e castelá. (Obxectivos d, e, h).

B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto, identificando prexuízos e mensaxes discriminatorias. (Obxectivos a, c, d, h).

B1.4. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas e planificadas con apoio das TIC, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección en lingua galega e castelá. (Obxectivos h, o).

B1.5. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas en lingua galega e castelá. (Obxectivos b, h).

B1.6. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social. (Obxectivos h, o).

#### 1.2. Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos en lingua galega e castelá. (Obxectivos b, f, h).

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial. (Obxectivos d, e, h).

B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. (Obxectivos d, e, h).

B2.4. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorias. (Obxectivos c, d, h).

B2.5. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados en lingua galega e castelá desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). (Obxectivos b, f, h).

B2.6. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, xurídico, administrativo e comercial en lingua galega e castelá. (Obxectivos b, e, h).

B2.7. Produción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión. (Obxectivos b, e, h).

B2.8. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal. (Obxectivos d, h).

#### 1.3. Bloque 3. Funcionamento da lingua

---

- B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. (Obxectivos b, e, l).
- B3.2. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.(Obxectivos b, e, i).
- B3.3. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o *n* velar ou a entoación).(Obxectivos a,d,e).
- B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. (Obxectivos b, e).
- B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica. (Obxectivos e).
- B3.6. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.(Obxectivos b, e).
- B3.7. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual. (Obxectivos e,h).
- B3.8. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.(Obxectivos e).
- B3.9. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto. (Obxectivos b, e).
- B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. (Obxectivos b, e, h).
- B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.(Obxectivos b, e).

#### **1.4. Bloque 4. Lingua e sociedade**

- B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. (Obxectivos ñ,o).
- B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.(Obxectivos ñ,o).
- B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.(Obxectivos ñ, o).
- B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados.(Obxectivos ñ, o).
- B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.(Obxectivos ñ, o).
- B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. (Obxectivos ñ, o).
- B4.7. Prexuízos lingüísticos. (Obxectivos ñ, o).
- B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante
-

dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. Recoñecemento de interferencias máis habituais.(Obxectivos ñ, o).

### **1.5. Bloque 5. Educación literaria.**

B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións das literaturas galega e castelá do século XX e XXI.(Obxectivos h, l).

B5.2. Lectura autónoma e comentario pautado de obras representativas das literaturas galega e castelá do século XX e XXI. (Obxectivos h, l).

B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas galega e castelá do século XX e XXI . (Obxectivos h, l).

B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas galega e castelá do século XX e XXI. (Obxectivos b, h, l).

B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. (Obxectivos e, h, l).

B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballos da aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. (Obxectivos h, l, n).

## **ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 4**

### **2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.**

#### **2.1. Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.**

##### Criterios de avaliación

B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación en lingua galega e castelá.

##### Estándares de aprendizaxe

B1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante. (Competencias claves CCL).

B1.1.2. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos. (Competencias claves CCL, CCA).

##### Criterios de avaliación

B1.2. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) en lingua galega e castelá.

##### Estándares de aprendizaxe

B1.2.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.(Competencias claves CCL, CAA).

B1..2.2 Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.(Competencias claves CCL, CSC).

#### Criterios de avaliación

B1.3. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.3.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. (Competencias claves CCL).

B1.3.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. (Competencias claves CCL, CSC).

B1.3.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.(Competencias claves CCL, CSC, CSIEE).

#### Criterios de avaliación

B1.4. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección en lingua galega e castelá.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.4.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. (Competencias claves CCL, CSC).

#### Criterios de avaliación

B1.5. Aplicar os coñecementos gramaticais en lingua galega e castelá á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.

#### Estándares de aprendizaxe

B1.5.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.(Competencias claves CCL, CAA).

#### Criterios de avaliación

B1.6. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.

#### Estándares de aprendizaxe

B.1.6.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.(Competencias claves CCL, CAA,

CSC, CSIEE).

## **2.2. Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.**

### Criteria de avaliación

B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos en lingua galega e castelá .

### Estándares de aprendizaxe

B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).(Competencias claves CCL,CCA).

B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. (Competencias claves CCL).

### Criteria de avaliación

B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.(Competencias claves CCL).

### Estándares de aprendizaxe

B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos. (Competencias claves CCL).

B2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso. (Competencias claves CCL, CAA).

### Criteria de avaliación

B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.

### Estándares de aprendizaxe

B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.(Competencias claves CCL).

B2 2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia , carta de reclamación. (Competencias claves CCL, CSC).

### Criteria de avaliación

B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.

### Estándares de aprendizaxe

B2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. (Competencias claves CCL, CD).

B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas. (Competencias claves CCL).

---

### Criterios de avaliación

B2.4. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.

### Estándares de aprendizaxe

B2.4.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. (Competencias claves CCL, CSC).

B2.4.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión. (Competencias claves CCL, CSC).

### Criterios de avaliación

B2.5. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuizos ou mensaxes discriminatorias.

### Estándares de aprendizaxe

B2.5.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuizos ou mensaxes discriminatorias.(Competencias claves CCL, CSC).

B2.5.2. Detecta prexuizos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade. (Competencias claves CCL, CSC).

### Criterios de avaliación

B2.6. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

### Estándares de aprendizaxe

B2.6.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais). (Competencias claves CCL).

B2.7.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. (Competencias claves CCL).

B2.6.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión. (CCL).

B2.6.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sévese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente. (CCL, CD).

B2.6.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación. (CCL).

### Criterios de avaliación

B2.7. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, xurídico, administrativos e comerciais.

### Estándares de aprendizaxe

B2.7.1 Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación. (CCL, CD, CSC).

### Criterios de avaliación

B2.8. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.

### Estándares de aprendizaxe

B2.8.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. (CCL, CSC, CCEC ).

## **2.3. Bloque 3. Funcionamento da lingua.**

### Criterios de avaliación

B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.

### Estándares de aprendizaxe

B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. (CCL, CAA).

B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas. (CCL, CAA).

### Criterios de avaliación

B3.2. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.

### Estándares de aprendizaxe

B3.2.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. (CCL, CAA).

B3.2.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. (CCL, CAA).

B3.2.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras. (CCL).

### Criterios de avaliación

B3.3. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

### Estándares de aprendizaxe

B3.3.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á

---

entoación, ás vogais de grao medio e ao *n* velar. (CCL, CAA).

#### Criterios de avaliación

B3.4. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos. (CCL, CAA).

B3.4.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. (CCL).

#### Criterios de avaliación

B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica. (CCL).

#### Criterios de avaliación

B3.6. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.6.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. (CCL, CAA).

B3.6.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. (CCL).

B3.6.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica. (CCL).

B3.6.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. (CCL).

B3.6.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta. (CCL).

#### Criterios de avaliación

B3.7. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

#### Estándares de aprendizaxe

B3.7.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. (CCL, CAA).

#### Criterios de avaliación

B3.8. Identificar adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.

---

### Estándares de aprendizaxe

B3.8.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. (CCL).

B3.8.2. Xustifica argumentadamente a división en párrafos de textos propios e alleos. (CCL, CAA).

B3.8.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. (CCL).

B3.8.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en párrafos e empregando os mecanismos de progresión temática. (CCL).

### Criterios de avaliación

B3.9. Xustificar a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.

### Estándares de aprendizaxe

B3.9.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual. (CCL, CAA).

B3.9.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual. (CCL).

### Criterios de avaliación

B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

### Estándares de aprendizaxe

B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. (CCL, CAA).

### Criterios de avaliación

B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

### Estándares de aprendizaxe

B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. (CCL, CAA).

## **2.4. Bloque 4. Lingua e sociedade.**

### Criterios de avaliación

---

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.

Estándares de aprendizaxe

B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. (CCL, CCEC).

Criterios de avaliación

B4.2 Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

Estándares de aprendizaxe

B4.2.1. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. (CCL).

Criterios de avaliación

187 B4.3 Coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

188 Estándares de aprendizaxe

189 LGB4.3.1 Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.

190 Criterios de avaliación

191 B4.4 Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados.

192 Estándares de aprendizaxe

193 B4.4.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. (CCL, CSC).

194 B4.4.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.(CCL, CSC).

195 Criterios de avaliación

196 B4.5. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

197 Estándares de aprendizaxe

198 B4.5.1. Identifica os procedementos de normalización. (CCL).

199 B4.5.2. Distingue normativización e normalización. (CCL).

200 B4.5.3. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.(CCL, CSC).

201 Criterios de avaliación

202 B4.6 Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.

203 Estándares de aprendizaxe

204 B4.6.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. (CCL, CCEC).

205 Criterios de avaliación

206 B4.7. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

207 Estándares de aprendizaxe

208 B4.7.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.(CCL, CSC).

209

210 B4.7.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.(CCL, CSC).

211 Criterios de avaliación

212 B4.8. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Recoñecer interferencias habituais.

Estándares de aprendizaxe

B4.8.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. (CCL, CSC).

B4.8.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. (CCL).

B4.8.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais. (CCL).

B4.8.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica. (CCL, CSC).

B4.8.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. (CCL, CSC).

**2.5. Bloque 5. Educación literaria.**

Criterios de avaliación

B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións das literaturas galega e castelá do século XX e XXI.

Estándares de aprendizaxe

B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas galega e castelá do século XX e XXI. (CCL).

B5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas galega e castelá do século XX e XXI. (CCL).

Criterios de avaliación

B5.2. Ler autonomamente e comentar obras representativas das literaturas galega e castelá do século XX e XXI e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

---

### Estándares de aprendizaxe

B5.2.1. Le autonomamente obras ou textos representativas das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura correspondente. (CCL).

B5.2.2. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas galega e castelá do século XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura correspondente. (CCL).

### Criterios de avaliación

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas galega e castelá do século XX e XX.

### Estándares de aprendizaxe

B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas galega e castelá do século XX e XXI. (CCL).

B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas galega e castelá do século XX e XXI. (CCL).

### Criterios de avaliación

B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas galega e castelá do século XX e XXI.

### Estándares de aprendizaxe

B5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas galega e castelá do século XX e XXI. (CCL).

### Criterios de avaliación

B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

### Estándares de aprendizaxe

B5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. (CCL).

B5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. (CCL, CD).

### Criterios de avaliación

B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

### Estándares de aprendizaxe

B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados

na aula. (CCL, CCEC).

B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. (CCL, CCEC).

En Noia, 15 de Setembro do 2023

Mercedes Rivas

(Xefa Dpto)

Noemí Pazó

Esperanza Videla

Rita Molinos